



## CONVOCATORIA RAMÓN Y CAJAL 2016

A Resolución do 21 de novembro de 2016 da *Presidencia de la Agencia Estatal de Investigación* aproba a convocatoria, correspondente ao ano 2016, de diversas actuacións contempladas no *Subprograma Estatal de Formación* e no *Subprograma Estatal de Incorporación*, do *Programa Estatal de promoción del Talento y su Empleabilidad*:

[http://www.idi.mineco.gob.es/stfls/MICINN/Ayudas/PE\\_2013\\_2016/PE\\_Promocion\\_e\\_Incorporacion\\_Talento\\_y\\_su\\_Empleabilidad/FICHEROS/SE\\_Incorporacion/Ayudas\\_contratos\\_RYC\\_2016/Resolucion\\_convocatoria\\_CONTRATACION\\_2016\\_21\\_noviembre\\_2016.pdf](http://www.idi.mineco.gob.es/stfls/MICINN/Ayudas/PE_2013_2016/PE_Promocion_e_Incorporacion_Talento_y_su_Empleabilidad/FICHEROS/SE_Incorporacion/Ayudas_contratos_RYC_2016/Resolucion_convocatoria_CONTRATACION_2016_21_noviembre_2016.pdf)

A citada resolución convoca, entre outras, axudas para os contratos Ramón y Cajal.

Co obxecto de elaborar a presentación da solicitude de participación da UDC nesta convocatoria, ábrese un prazo **ata o día 17 de xaneiro, ás 14:00**, para remitir a esta vicerreitoría (xunto coa documentación que máis abaixo se indica) as propostas dos grupos e unidades de investigación inscritos no catálogo da UDC. As propostas, asinadas pola persoa que coordine o grupo ou unidade, enviaranse obrigatoriamente por correo electrónico a esta vicerreitoría ([vpcit@udc.gal](mailto:vpcit@udc.gal)). A solicitude de participación da UDC será finalmente elaborada pola Comisión de Investigación, que terá en conta a documentación achegada en cada proposta e a avaliación do grupo levada a cabo pola ANEP.

Contido das solicitudes dos grupos de investigación:

1.- **Informe do Consello de Departamento.** Se ben as solicitudes de axudas *Ramón y Cajal* fanse por áreas científicas, as propostas deben vir referidas a unha área de coñecemento e ser informadas polo departamento que inclúa a dita área no que se incorporaría a persoa contratada.

2.- **Compromiso do Consello de Departamento** de que os investigadores que sexan contratados ao abeiro destas axudas poderán prestar colaboracións complementarias en tarefas docentes, a petición propia, por un máximo de 80 horas anuais.

3.- **Descrición e motivación do contrato ofertado**, así como a súa adecuación aos planos da institución, asinada pola persoa que coordine o grupo de investigación que formule a proposta (máx. 500 caracteres). Deberase especificar con detalle a motivación da oferta da praza, substitución/xubilación de persoal, fortalecemento de novas estruturas de I+D, potenciación de liñas novidosas ou estratéxicas da institución, etc. Así mesmo indicarse a Área Científica:

[http://www.idi.mineco.gob.es/stfls/MICINN/Ayudas/PE\\_2013\\_2016/PE\\_Promocion\\_e\\_Incorporacion\\_Talento\\_y\\_su\\_Empleabilidad/FICHEROS/SE\\_Incorporacion/Ayudas\\_contratos\\_RYC\\_2016/Clasificacion\\_areas\\_cientificas\\_2016\\_AEI.pdf](http://www.idi.mineco.gob.es/stfls/MICINN/Ayudas/PE_2013_2016/PE_Promocion_e_Incorporacion_Talento_y_su_Empleabilidad/FICHEROS/SE_Incorporacion/Ayudas_contratos_RYC_2016/Clasificacion_areas_cientificas_2016_AEI.pdf)

4.- Un **texto en castelán** que recolla os **datos máis relevantes do contrato ofertado**, de modo que os candidatos poidan xulgar a súa adecuación e valorar o interese da oferta (máx. 500 caracteres).



**Os documentos 1-3 se enviarán, a ser posible, nun único arquivo con formato .pdf. O documento 4 deberá de enviarse obrigatoriamente en formato .doc ou .docx.**

A UDC resérvase a posibilidade de seleccionar determinadas áreas estratéxicas de investigación ou de difícil captación de investigadores que poidan resultar críticas para o futuro da nosa institución.

Para maior información pode poñerse en contacto coa Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores (ext. 5761 e 5760 [coordinacion.investigacion@udc.gal](mailto:coordinacion.investigacion@udc.gal)).

A Coruña 14 de decembro de 2016

Salvador Naya Fernández  
Vicerreitor Política Científica,  
Investigación e Transferencia